

## SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e seis de novembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal**

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C005/000010 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, do contrato mixto de subministracións e servizos para o *“Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-2022 do Concello de Cambre”*.

Tendo en conta que o prazo de execución deste contrato ten como data de inicio o vindeiro 1 de decembro de 2021, pola Alcaldía municipal considérase debidamente motivada a urxencia da convocatoria dunha sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local, co fin de adoptar o correspondente acordo de adxudicación dos tres lotes nos que se divide o contrato.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

*“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”*

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

### **2º.- Proposta de adxudicación dos lotes 1, 2 e 3 do contrato mixto de subministracións e servizos para o “Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-2022 do Concello de Cambre”. Expte: 2021/C005/000010**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C005/000010 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado do contrato mixto de subministracións e servizos para o “*Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-2022 do Concello de Cambre*”, dividíndose o obxecto do contrato en tres lotes, cun valor estimado total de 34.473,92 € e un orzamento base de licitación para os tres lotes de 34.473,92 € sen IVE, 40.875,00 € euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan nas actas das mesas de contratación de datas 10 e 12 de novembro de 2021 respecto das ofertas presentadas nos distintos lotes no presente procedemento, así como as propostas de adxudicación formuladas coas mesmas datas, 10 e 12 de novembro de 2021, pola mesa de contratación a prol dos distintos licitadores nos respectivos lotes nos que ofertaron.

Visto que, outorgado aos licitadores propostos como adxudicatarios nos lotes 1, 2 e 3 o prazo de sete días hábiles para que presenten a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, estes achegaron en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo se deriva dos informes emitidos polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal con data do 24 de novembro de 2021 para os tres lotes do expediente.

Consta informe da Tesourería municipal emitido o 25 de novembro de 2021, acreditativo de que ningunha das entidades propostas como adxudicatarias teñen débedas pendentes co Concello de Cambre.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria accidental da Corporación, de data 25 de novembro de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 480/2021 emitido polo interventor municipal con data do 25 de novembro de 2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación, adoptando os seguintes acordos sobre admisión das ofertas presentadas, de conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 10 de novembro de 2021 para os distintos lotes:

- Para o Lote nº 1 (*Subministración de catro grupos decorativos para instalar nas principais áreas comerciais do municipio e revisión, acondicionamento e distribución das árbores de Nadal de propiedade municipal entre os establecementos participantes na Campaña*), admitir ás empresas que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 14.2.1 do PCAP e ter achegado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II:

- Narabeen Global Services, S.L.
- VS1 Producción Creativa, S.L.

- Para o Lote nº 2 (Subministración dun total de 155 lotes de produtos de Nadal, 150 valorados en 65,00 euros cada un deles e 5 valorados en 125,00 euros cada un deles, para entregar como premios cos rasca e gaña a nas restantes promocions navideñas), admitir ás empresas que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 14.2.1 do PCAP e ter aportado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II do mesmo:

- Grupo Disber Siglo XXI, S.L.
- Vego Supermercados, S.A.U.

- Para o Lote nº 3 (Subministración de elementos gráficos de difusión, realización dunha campaña en redes sociais e creación dunha Web para o Concurso de Escaparates de Nadal), admitir ás empresas que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do PCAP e ter aportado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II, así como o modelo de proposición segundo o Anexo III.C do mesmo:

- Diseño Ferial de Galicia, S.L.
- Narabeen Global Services, S.L.

**Segundo:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación de data 12 de novembro de 2021 respecto dos **lotes 1 e 2** do presente expediente, e en concordancia cos informes emitidos polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal de data de 11 de novembro de 2021 que constan transcritos na Acta da Mesa de Contratación:

- Para o Lote nº 1: Outorgar aos dous licitadores admitidos as seguintes puntuacións, correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízo de valor contemplados na cláusula 12.1 (Calidade técnica e seguridade e eficiencia dos grupos decorativos ofertados):

Empresa	Calidade técnica	Seguridade e eficiencia	Puntuación total
VS1 Producción Creativa, S.L..	20	5	25
Narabeen Global Services, S.L.	5	1	6

- Para o Lote nº 2: Outorgar aos dous licitadores admitidos as seguintes puntuacións, correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízo de valor contemplados na cláusula 12.2 (Calidade dos produtos e a presentación dos lotes ofertados):

Empresa	Calidade técnica	Seguridade e eficiencia	Puntuación total
Grupo Disber Siglo XXI, S.L.	15	10	25
Vego Supermercados, S.A.U.	0	1	1

**Terceiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas 10 e 12 de novembro de 2021, aprobar a puntuación correspondente ao criterio de adjudicación de apreciación automática (prezo total ofertado) que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares para os tres lotes que integran o presente procedemento, así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas para cada un dos lotes:

### Lote 1

LOTE 1: subministración grupos decorativos e acondicionamento e distribución das árbores de Nadal do Concello						
Prezo base de licitación		23.049,66				
Valor estimado (prezo máximo sen IVE)		19.049,30				
Empresa	Prezo ofertado sen IVE	Oferta máis económica	Aplicación criterio prezo (75 puntos)	Aplicación criterio calidade e seguridade e eficiencia dos grupos decorativos ofertados (25 puntos)	Puntuación total	Con diferentes tipos de IVE
NARABEEN GLOBAL SERVICES SL	15.620,42	15.620,42	75,00	6,00	81,00	18900,7082
VS1 PRODUCCIÓN CREATIVA SL	18.900,00		61,99	25,00	86,99	22869

Respecto ao cálculo de ofertas anormalmente baixas, resultan como tales as ofertas inferiores a **15.120,00 euros** sen IVE, sen atoparse nesta circunstancia a proposición que resulta mellor valorada.

### Lote 2

LOTE 2: lotes de produtos navideños						
Prezo base de licitación		10.375,00				
Valor estimado (prezo máximo sen IVE)		9.267,32				
Empresa	Prezo ofertado sen IVE	Oferta máis económica	Aplicación criterio prezo (75 puntos)	Aplicación criterio calidade produtos e presentación (25 puntos)	Puntuación total	Con IVE
GRUPO DISBER SIGLO XXI S.L.	8.600,15	8.600,15	75,00	25,00	100,00	9604,9
VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U	8.801,65		73,28	1,00	74,28	9887,5

Respecto ao cálculo de ofertas anormalmente baixas, resultan como tales as ofertas inferiores a **7.041,32 euros sen IVE**, sen atoparse nesta circunstancia a proposición que resulta mellor valorada.

### Lote 3

LOTE 3: elementos gráficos de difusión e creación de web				
Prezo base de licitación		7.450,33		
Valor estimado (prezo máximo sen IVE)		6.157,30		
Empresa	Prezo ofertado sen IVE	Oferta máis económica	Aplicación criterio prezo (100 puntos)	Puntuación total
DISEÑO FERIAL DE GALICIA	5.990,00	5.233,70	87,37	87,37
NARABEEN GLOBAL SERVICES SL	5.233,70		100,00	100,00

Respecto ao cálculo de ofertas anormalmente baixas, resultan como tales as ofertas inferiores a **4.792,00 euros sen IVE**, sen atoparse nesta circunstancia a proposición que resulta mellor valorada.

**Cuarto:** De conformidade cos apartados anteriores do presente acordo e cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas 10 e 12 de novembro de 2021, aprobar as seguintes puntuacións totais e a conseguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares:

#### Lote 1

Empresa	Puntuación	Baixa temeraria
VS1 Producción Creativa SL	86,99	Non
Narabeen Global Services SL	81,00	Non

#### Lote 2

Empresa	Puntuación	Baixa temeraria
Grupo Disber Siglo XXI SL	100,00	Non
Vego Supermercados SAU	74,28	Non

#### Lote 3

Empresa	Puntuación	Baixa temeraria
Narabeen Global Services SL	100,00	Non
Diseño Ferial de Galicia SL	87,37	Non

**Quinto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 12 de novembro de 2021, adxudicar o “Lote 1 – Subministración de catro grupos decorativos para instalar nas principais áreas comerciais do municipio e revisión, acondicionamento e distribución das árbores de Nadal de propiedade municipal entre os establecementos participantes na Campaña”, incluído no expediente núm. 2021/C005/000010 correspondente ao contrato mixto de subministracións e servizos para o “Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-22 do Concello de Cambre”, en favor da empresa “VS1 Producción Creativa, S.L.”, con NIF B703\*\*\*\*\* e enderezo en Polígono de Bergondo, nave G15 – 15165 Bergondo (A Coruña), no prezo ofertado de 18.900,00 euros sen IVE, 22.869,00 euros IVE incluído, por ser a oferta mellor valorada no lote 1 do presente procedemento, tendo en conta os criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incurso en presunción de ser anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse, ademais de no prezo ofertado, na calidade técnica e seguridade e eficiencia dos grupos decorativos ofertados.

**Sexto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 12 de novembro de 2021, adxudicar o “Lote 2 – Subministración dun total de 155 lotes de produtos de Nadal, 150 valorados en 65,00

euros cada un deles e 5 valorados en 125,00 euros cada un deles, para entregar como premios cos rasca e gaña a nas restantes promocións de Nadal” incluído no expediente núm. 2021/C005/000010 correspondente ao contrato mixto de subministracións e servizos para o “Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-22 do Concello de Cambre”, en favor da empresa “Grupo Disber Siglo XXI, S.L.”, con NIF B969\*\*\*\*\* e enderezo en rúa Benaguacil, nº 1 – 46174 Domeño (Valencia), no prezo ofertado de 8.600,15 euros sen IVE, 9.604,90 euros IVE incluído, por ser a oferta mellor valorada no lote 2 do presente procedemento, tendo en conta os criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incurso en presunción de ser anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse, ademais de no prezo ofertado, na calidade dos produtos e da presentación dos lotes ofertados.

**Sétimo:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 12 de novembro de 2021, adxudicar o “Lote 3 – Subministración de elementos gráficos de difusión, realización dunha campaña en redes sociais e creación dunha Web para o Concurso de Escaparates de Nadal” incluído no expediente núm. 2021/C005/000010 correspondente ao contrato mixto de subministracións e servizos para o “Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-22 do Concello de Cambre”, en favor da empresa “Narabeen Global Services, S.L.”, con NIF B278\*\*\*\*\* e enderezo en Avenida Gran Vía nº 130 entresollado - 36203 Vigo (Pontevedra), no prezo ofertado de 5.233,70 euros sen IVE, 6.332,77 euros IVE incluído, por ser a oferta mellor valorada no lote 3 do presente procedemento, tendo en conta os criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incurso en presunción de ser anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse no prezo ofertado.

**Oitavo:** Proceder á formalización dos contratos correspondentes aos tres lotes en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato, unha copia dun seguro de responsabilidade civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato coas coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula:

- Lote 1: 300.000 euros por sinistro e un sublímite mínimo de 150.000 euros por vítima
- Lote 2: 600.000 euros por sinistro e un sublímite mínimo de 300.000 euros por vítima
- Lote 3: A contía mínima do seguro será a correspondente ao seu valor estimado (6.157,30 euros)

Nos 3 lotes presentarase copia do recibo que confirme que se atopa ao corrente do pago de ditas pólizas.



**Noveno:** De conformidade coa cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, désígnase como responsable dos contratos ao técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Décimo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Décimo primeiro:** Notifíquese ao responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López